

Presidente do GDR Costa da morte
Edificio de servizos múltiples
Rúa A Torre, s/n
15129-Vimianzo
(A Coruña)

MODIFICACIÓN da resolución pola que se aprobaron os criterios de selección e priorización de proxectos correspondentes ao GDR “Costa da morte”, así como as limitacións sectoriais da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Antecedentes.-

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titular da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procedeu á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 25 de xuño de 2016.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emitiuse, o 30/01/2017, a RESOLUCIÓN do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020.

O 10/11/2017 ten entrada en Agader solicitude de modificación do apartado 5.2.1. dos criterios de selección que se reflicten no Anexo I da citada Resolución do 30/01/2017 do director xeral da Agader, pola que se aprobaron as normas de xestión da Estratexia para o período 2014-2020.

Fundamentos de dereito.-

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de



desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR «Asociación Costa da morte-GDR», para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciado co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

Unha vez comprobado que non existe ningún proxecto presentado con anterioridade a esta data que estea pendente de resolución ou que poida resultar afectado, tanto directa como indirectamente pola aprobación desta modificación dos criterios de selección e/ou de priorización de proxectos,

RESOLVO:

Modificar a Resolución do 30/01/2017, do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020, de xeito que o apartado 5.2.1. do anexo I da mesma, que sinalaba o seguinte:

5.2.1. Consideracións xerais sobre a valoración dos proxectos.

“Os criterios de valoración ou baremación diferéncianse en función da tipoloxía de proxectos, en produtivos e non produtivos. Neste sentido establécense tamén uns límites de axuda que non se poderán superar, en termos porcentuais. En canto ao importe máximo da axuda establécense tamén unha serie de límites.

Os proxectos de natureza produtiva terán un límite de importe de axuda máximo que ascenderá aos 200.000 euros. Se os proxectos están amparados baixo o Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis, o límite máximo será de 200.000 por promotor durante tres exercicios fiscais. A porcentaxe de financiamento máxima será do 40% dos custes elixibles.

Os proxectos de carácter non produtivo terán tamén como máximo un límite de 200.000 €. Pola contra, en relación aos anteriores, se non están suxeitos ao regulamento de minimis, poderán chegar ata os 250.000€, con autorización expresa de Agader. A porcentaxe de financiamento máxima será do 90%. Para que un proxecto non produtivo poida acadar a porcentaxe máxima de financiamento, debe estar aliñado cos obxectivos transversais do PDR de Galicia, polo cal debe atender cuestións relacionadas con:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas, o investimento en proxectos que supoñan tamén melloras na formación para o acceso ao emprego, tales como: centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio-laboral para discapacitados, escolas infantís, centros



de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día), centros de formación ou similares.

- Investimentos relacionados co uso e a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TICs) no medio rural, tales como aulas de formación, telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral, banda ancha,...
- Proxectos de utilización de enerxías alternativas ou eficiencia enerxética, como por exemplo a instalación de caldeiras de biomasa, placas solares, mecanismos e equipamentos que permitan a redución do consumo de auga, ou aproveitamento hídrico, etc.

Táboa. Límites de proxectos con carácter xeral

APLICACIÓN DA EDLP		
	PRODUCTIVOS	NON PRODUCTIVOS
Importe máximo de axuda		
Importe máximo R 1407/2013	200.000€	200.000€
% máximo de axuda	40%	90%

A maiores dos límites de financiamento establecidos con carácter xeral, nas correspondentes normas reguladoras das axudas, establécense unhas limitacións ao financiamento de proxectos non produtivos, que é a seguinte:

- As entidades públicas locais terán como límite máximo de axuda en todo o período 50.000 euros, para cada concello. No caso de proxectos que realicen conxuntamente poderán chegar ao tope que se establece con carácter xeral (Si o proxecto agrupa 2 concellos o límite é de 100.000,00€, si son 3 concellos 150.000,00€, si son 4 concellos 200.000,00€ e si son 5 ou máis concellos 250.000,00€, coa autorización de Agader). O proxecto sería conxunto, cando implicase a dous ou máis concellos. Neste caso poderá figurar un concello como promotor, asinando co resto un convenio, que regularía as condicións e compromisos asumidos por cada concello: investimento de cada concello, achegas, formas de pago, responsabilidade, etc. Este convenio serviría para dividir o importe de axuda de cada concello, tendo sempre en consideración, os topes máximo establecidos na propia estratexia, que non poderían superar cada un dos concellos asinantes.
- O resto de entidades (institucións de carácter privado), que poden ser beneficiarias de proxectos non produtivos, terán como límite máximo tamén 50.000 por entidade promotora para todo o período. No caso de proxectos que se realicen conxuntamente rexerán as mesmas condicións de límites cuantitativos que para os concellos, podendo chegar ao tope máximo”.

Substitúese polo seguinte:

5.2.1.Consideracións xerais sobre a valoración dos proxectos.

“Os criterios de valoración ou baremación diferéncianse en función da tipoloxía de proxectos, en produtivos e non produtivos. Neste sentido establécense tamén uns límites de axuda que non se poderán superar, en termos porcentuais. En canto ao importe máximo da axuda establécense tamén unha serie de límites.



Os proxectos de natureza produtiva terán un límite de importe de axuda máximo que ascenderá aos 200.000 euros. Se os proxectos están amparados baixo o Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis, o límite máximo será de 200.000 por promotor durante tres exercicios fiscais. A porcentaxe de financiamento máxima será do 40% dos custes elixibles.

Os proxectos de carácter non produtivo terán tamén como máximo un límite de 200.000 €. Pola contra, en relación aos anteriores, se non están suxeitos ao regulamento de mínimos, poderán chegar ata os 250.000€, con autorización expresa de Agader. A porcentaxe de financiamento máxima será do 90%. Para que un proxecto non produtivo poida acadar a porcentaxe máxima de financiamento, debe estar aliñado cos obxectivos transversais do PDR de Galicia, polo cal debe atender cuestións relacionadas con:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas, o investimento en proxectos que supoñan tamén melloras na formación para o acceso ao emprego, tales como: centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio- laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día), centros de formación ousimilares.
- Investimentos relacionados co uso e a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TICs) no medio rural, tales como aulas de formación, telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral, banda ancha,...
- Proxectos de utilización de enerxías alternativas ou eficiencia enerxética, como por exemplo a instalación de caldeiras de biomasa, placas solares, mecanismos e equipamentos que permitan a redución do consumo de auga, ou aproveitamento hídrico, etc.

Táboa. Límites de proxectos con carácter xeral

APLICACIÓN DA EDLP		
	PRODUTIVOS	NON PRODUTIVOS
Importe máximo de axuda		
Importe máximo R 1407/2013	200.000€	200.000€
% máximo de axuda	40%	90%

A maiores dos límites de financiamento establecidos con carácter xeral, nas correspondentes normas reguladoras das axudas, establécense unhas limitacións ao financiamento de proxectos non produtivos, que é a seguinte:

“As entidades públicas locais terán como límite máximo de axuda en todo o período 38.000€ para cada concello. No caso de proxectos que realicen conxuntamente poderán chegar ao tope que se establece con carácter xeral (si o proxecto agrupa 2 concellos o límite é de 76.000€, si son 3 concellos 114.000€, si son 4 concellos 152.000€, si son 5 concellos 190.000€, si son 6 concellos 228.000€, coa autorización de Agader e si son 7 ou máis concellos 250.000€, coa autorización de Agader). O proxecto sería conxunto, cando implicase a dous ou máis concellos. Neste caso podería figurar un concello como promotor, asinando co resto un convenio, que regularía as condicións e compromisos asumidos por cada concello: investimento de cada concello, achegas, formas de pago, responsabilidade, etc. Este convenio serviría para dividir o



importe de axuda de cada concello, tendo sempre en consideración, os topes máximos establecidos na propia estratexia, que non poderían superar cada un dos concellos asinantes.

O resto de entidades (institucións de carácter privado), que poden ser beneficiarias de proxectos non produtivos, terán como límite máximo tamén 38.000€ por entidade promotora para todo o período. No caso de proxectos que se realicen conxuntamente rexerán as mesmas condicións de límites cuantitativos que para os concellos, podendo chegar ao tope máximo.”

O resto dos contidos da RESOLUCIÓN do 30/01/2017 do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020 permanecen inalterables.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela.

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

